

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE ABRIL DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 9 de abril de dous mil vinte e catro ; as nove horas xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 4 de abril de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADANS

4 ESCRITOS OFICIAIS

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes escritos oficiais:

-Resolución de concesión pola Directora da Axencia de Turismo de Galicia dunha subvención por importe de 29.965,65 euros para o proxecto Micropaisaxes do concello ao abeiro da convocatoria de subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas para o ano 2024.

-Resolución da Deputación Provincial de inicio de procedemento para prestación de equipos móbiles de traballo para a limpeza das pistas municipais en San Cristobo, Francelos , Franqueiran e Santa Cristina.

-Resolución de autorización da presidencia da Confederación Hidrográfica Miño Sil para instalación de elementos de terraza de uso hotelero en zona de policía da marxe dereita do río Avia.

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda requirir á empresa Naturgy para adoptar , de forma inmediata, as medidas necesarias para que os postes de alta tensión na zona de Veronza, se atopen en condicións de plena seguridade, sen o risco existente a data, con expresa advertencia, de que, caso contrario, incoarase expediente sancionador.

APROBACIÓN DE PADRÓN DE ALCANTARILLADO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Padrón de Alcantarillado correspondente o exercicio 2021, por importe de 122.346,25 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

E sendo as nove horas e trinta minutos da maña o Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.